

Facultade de Filoloxía e Tradución  
Universidade de Vigo

Comisión de Calidade 15/04/2021

Acta da sesión extraordinaria da Comisión de Calidade da facultade de Filoloxía e Tradución, celebrada o día 15 de abril na Sala de Xuntas da FFT do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

**Asistentes:**

*Presidencia*

José Francisco Montero Reguera

*Secretaría*

María Seijas Montero

*Sector profesorado*

Javier de Agustín Guijarro

Inmaculada Báez Montero

Antonio Chas Aguión

Helena Cortés Gabaudan

Jorge Figueroa Dorrego

Carmen Luna Sellés (PDI)

Fernando Ramallo Fernández

Alexandre Rodríguez Guerra

Beatriz María Rodríguez Rodríguez (PDI)

Rosalía Rodríguez Vázquez (PDI)

José Yuste Frías

*Representante persoas tituladas*

Alexia Dotras Bravo

*Representate da sociedade*

Marta Souto González

*Desculpan*

María Dolores González Álvarez

Lourdes Lorenzo García

Ana María Pereira Rodríguez

Antonio Rifón Sánchez

Maribel del Pozo Triviño

*Non asisten*

Belén Otero Rey (PAS)

Pedro López Morillo (estudiantado)

Marinha Paradelo Veiga (estudiantado)

Alba Zels Garrido (estudiantado)

Ábrese a sesión ás 11:00.

O decano da a benvida á nova integrante da Comisión de Calidade, Marta Souto González, responsable do Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vigo, que se incorpora á comisión como representante da sociedade.

### **1. Validación, se procede, do procedemento de Orientación ao alumnado e atención as necesidades específicas de apoio educativo (Código DO-0203)**

O decano cédelle a palabra á vicedecana de calidade que explica que o procedemento de *Orientación ao alumnado e atención as necesidades específicas de apoio educativo* foi enviado no mes de marzo pola Área de Calidade da Universidade de Vigo para a súa validación en Comisión de Calidade e posterior aprobación en Xunta de Facultade e cuxo rexistro, adaptado a este procedementos haberá que elaborar nos próximos meses. Este rexistro é un novo *Plan de Acción Titorial (PAT)* e de *Atención necesidades específicas de apoio educativo (ANEAE)* que debe recoller as actuacións destinadas a favorecer a integración do estudantado na vida universitaria e atender ás súas necesidades formativas e informativas, sempre no marco das atencións ás necesidades específicas de apoio educativo. Tamén terá que haber un coordinador ou coordinadora do PAT-ANEAE e un coordinador/a ou enlace PIUNE. O novo para a facultade é que cando se faga o documento do "Plan de acción tutorial de atención ás necesidades específicas de apoio educativo" hai que incluír a información sobre a existencia dun coordinador/a PIUNE. É dicir, todo o apoio que poida recibir o estudantado, sexa por cuestións académicas ou por necesidades específicas de apoio educativo debe quedar especificado neste documento. Ademais, o coordinador/a de PIUNE pode colaborar co coordinador/a de PAT nalgúns casos. Por exemplo, se ese estudante necesitase información sobre unha bolsa, sobre saídas profesionais ou calquera outra cuestión que corresponda ao PAT. O alcance deste procedemento esténdese ao estudantado de grao en máster.

Sométese a validación o procedemento. Apróbase por asentimento

### **2. Valoración e validación, se procede, do Informe de Revisión do Sistema pola Dirección do curso 2019-2020**

A vicedecana de calidade comeza agradecendo ás coordinacións dos títulos a súa colaboración na elaboración do *Informe de Revisión do Sistema pola Dirección*, pois todos os informes de seguimento das sete titulacións do centro foron entregados en prazo. Tras analizar toda a información relacionada co funcionamento do sistema de garantía de calidade e os informes dos diferentes títulos a vicedecana explica algúns aspectos a modo de conclusión xeral:

1. Con carácter xeral, cabe destacar o traballo constante das coordinacións dos títulos, das coordinadoras do PAT, das direccións dos departamentos, do PDI, do PAS, do estudantado e do equipo decanal da FFT durante o curso 2019-20. Un curso moi complexo por mor do confinamento desde o mes de marzo que obrigou a adaptar a docencia, as guías docentes ou as probas de avaliación á modalidade virtual. A superación con éxito desta difícil

situación, foi posible grazas ao esforzo conxunto de toda a comunidade da Facultade de Filoloxía e Tradución.

2. Durante o curso 2019-20 rexistráronse cinco QSP –catro queixas e unha suxestión relativas á docencia nos graos-, que foron atendidas, respondidas e tomáronse as medidas oportunas para solucionarlas. Son datos positivos – no curso 2018-19- atendéronse sete QSP- tendo en conta a situación excepcional vivida no segundo cuadrimestre coa suspensión das clases presenciais. O estudantado tamén expuxo as súas queixas, comentarios e dubidas a través do Plan de Acción Titorial e das coordinacións dos graos. Neste sentido é importante destacar o inxente labor realizado desde as coordinacións das titulacións e de PAT para seguir o desenvolvemento da docencia en modalidade virtual logrando o obxectivo de solucionar a maioría dos requerimentos do estudantado.
3. O balance xeral de matrícula é positivo. Incrementouse, un ano máis, o número de estudantes matriculados no grao en Linguas Estranxeiras, que superou o 100% de ocupación (104%). No grao de Tradución e Interpretación tamén houbo un lixeiro incremento e cubríronse 111 das 120 prazas de novo ingreso. En relación o grao de Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios mantivo a mesma matrícula no curso 2019-20 que no 2018-2019, cunha taxa de ocupación do 46%.  
En canto aos másters, a taxa de ocupación tamén se incrementou no curso 2019-20. Cómpre mencionar o incremento importante na relación de persoas matriculadas de novo ingreso no *Máster en Tradución Multimedia*, que superou o 100% de ocupación (104%).
4. A taxa de abandono en grao non foi moi alta pois mantense dentro dos parámetros marcados pola meta de calidade (que debe ser inferior ao 15%), agás no grao de Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios, aínda que a taxa baixou un pouco (33.3%) fronte á do curso pasado (38.71%). Si aumentou moito a taxa de abandono nos estudos de máster non alcanzando en ningún caso a meta establecida (<5%).
5. A Facultade de Filoloxía e Tradución destaca por favorecer a mobilidade do estudantado, e nese sentido é importante indicar a cifra de estudantes que participan en programas de intercambio internacional, especialmente notable foi o número de estudantes estranxeiros no grao en Linguas Estranxeiras (56). É certo que o curso actual ven marcado, no seu segundo cuadrimestre, polo comezo da pandemia e o confinamento que reduciu moito o estudantado internacional entrante, 146, fronte aos 198 do curso 2018-19. Porén, a diferenza entre o estudantado internacional entrante (146) e saínte (88) non se ten en conta pola reitoría á hora de calcular o número total de estudantes do centro e das diferentes materias, algo que se solicita, unha vez máis, negociar coa reitoría.
6. Como valoración xeral obsérvase unha maior implicación do estudantado nas enquisas de satisfacción coas titulacións con respecto ao curso 2018-2019. Tan só baixou no Máster Interuniversitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas titulacións que descendeu do 42,86% a un 25%. Nas titulacións de grao a participación tamén foi boa nas combinacións de

español-inglés (55%), español-francés (50%) e galego-inglés (44%) do grao de Tradución e Interpretación. Na combinación de galego-francés, con seis estudantes, non participou ninguén nas enquisas.

7. Polo que respecta á valoración dos títulos polo estudiantado os resultados son máis negativos. Só aumentou o grao de satisfacción do estudiantado no grao de Tradución e Interpretación (nas combinacións español-francés cun 3.21 –2.84 no curso pasado- e español-inglés cun 3.00 -2.86 no 2018-19) e no Máster de Tradución Multimedia que pasou do 3.04 no 2018-19 ao 3.75 neste curso académico. Tamén é significativo o descenso no grao de satisfacción dos estudantes na titulación de CLEL pois este curso foi de só 2.42, o que non é un bo resultado, fronte ao 4.22 do curso pasado. Posiblemente isto debeuse á insatisfacción xerada polas circunstancias excepcionais provocadas pola pandemia no segundo cuadrimestre lectivo.
8. No apartado de persoas tituladas o índice xeral de satisfacción é de 3.50, polo tanto, é superior aos resultados obtidos no ámbito humanístico (3.33). Tamén, aínda que descendeu un pouco con respecto ao curso 2018-19, é moi positivo a porcentaxe de participación (43%) fronte ao promedio do ámbito humanístico (41%).
9. En canto os datos xerais relativos ás enquisas de avaliación docente realizadas polo estudiantado é importante destacar as boas valoracións que, en xeral, recibe o profesorado da Facultade de Filoloxía e Tradución (3.99), o mesmo resultado que na rama humanística e superior á media da Universidade que é de 3.98. Este curso os mellores resultados no grao obtivéronse en Tradución e Interpretación (itinerario galego-francés) e en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios. Os resultados de CLEL chaman moito a atención, pois a satisfacción do estudiantado coa titulación este curso non alcanzou o tres e en cambio a satisfacción co profesorado supera o 4.
10. A valoración do programa PAT nas enquisas de satisfacción, non supera en ningunha titulación o 3, polo tanto segue sendo susceptible de mellora. De todos os xeitos, o vindeiro curso hai que elaborar un novo PAT adaptado ao novo procedemento aprobado pola UVigo en marzo de 2021 sobre *Orientación ao alumnado e atención ás necesidades específicas de apoio educativo*.
11. As taxas de graduación no curso 2019/20 melloraron os resultados do curso 2018/19 pero están lonxe do obxectivo de calidade fixado (90%), parece o máis adecuado, entón, reducir a meta para poder alcanzala o próximo curso.
12. O estado das accións de melloras do Informe elaborado o curso pasado reflicte que moitas están feitas ou completadas parcialmente e outras non se fixeron por mor das restricións derivadas da pandemia.
13. O Máster en Tradución para a Comunicación Internacional (MTCI) foi o máster mellor puntuado no ámbito das Artes e Humanidades de todos os presentados na Universidade de Vigo na Convocatoria Máster Mención de Excelencia pola que se convocou un proceso de selección, en réxime de

concorrenza competitiva, de titulacións universitarias oficiais de Máster impartidas pola Universidade de Vigo no curso académico 2019-20

14. Necesítase apoio administrativo para as labores de calidade e de posgrao, que son asumidas en grande parte polo PDI, sobre todo, para a recompilación de datos, realización de táboas e gráficas ou organización dos rexistros de calidade (evidencias) na aplicación informática do SGIC da FFT. Esta figura administrativa contribuiría notablemente á mellora da xestión dos diferentes procesos de calidade desenvolvidos no centro, xa que descargaría ao vicedecanato de Calidade e aos coordinadores de mestrado dos aspectos administrativos, para que se poidan centrar nos aspectos académicos.

En base a estas conclusións a Comisión de Calidade acorda:

1. Implementar as melloras propostas para o próximo curso académico.
2. Implantar un procedemento para o seguimento e control da docencia para facilitar a resolución de queixas tanto ás coordinacións dos títulos e ao equipo decanal como ao propio profesorado.
3. Actualizar o *Manual de Calidade* e a *Política e obxectivos de calidade*
4. Seguir traballando en campañas de difusión para captar máis estudantado nos graos e másters.
5. Elaborar un novo PAT adaptado ao novo procedemento aprobado pola UVigo.
6. Seguir fomentando as accións de comunicación co estudantado para animalo a participar nas enquisas de satisfacción.
7. Seguir reclamando que se teñan en conta os estudantes Erasmus no cálculo de estudantado por grupo para a elaboración da PDA.

Sométese a validación o IRPD. Apróbase por asentimento

Toma a palabra o decano para recordar que no día de onte o director da ACSUG comunicou á facultade a aprobación do novo grao en Filoloxía aplicada Galega e Española.

Sen máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 11:25.

Vigo, 15 de abril de 2021

Visto e prace do Decano

A secretaria (Vicedecana de calidade)



José F. Montero Reguera

María Seijas Montero

**DILIXENCIA**

Para facer constar que esta acta foi aprobada na Comisión de Calidade ordinaria do 22/07/2021

A/O Secretaria/o da Comisión de Calidade



María Seijas Montero